

# VII Liga Local de Promoción da Orientación

## Porto do Son 2023

### Proba nº 4: MONTES DE NEBRA

#### BOLETÍN I

##### DATA:

Domingo, 11 de maio de 2023.

##### LUGAR:

Montes de Nebra - Porto do Son.

##### ORGANIZA:

Asociación Deportiva e Cultural ARNELA

##### COLABORAN:

Concellería de Xuventude, Deportes e Acción Cultural.

Comunidade de Montes de Nebra.

##### DESCRIPCIÓN DA PROBA:

Cuarta das seis probas previstas na VII Liga de promoción da Orientación de Porto do Son que se vai a celebrar na contorna dos montes de Nebra. Trátase dunha mapa feito no seu día para a orientación en bicicleta (OBM), pero que resulta moi apropiado tamén para iniciarse na orientación a pé (O-Pé).

As características principais desta proba podémolas resumir en:

- **Modalidade lineal:** obrigatorio realizar o percorrido visitando os controis ou balizas na orde indicada no mapa.
- **Sistema de cronometraxe:** utilizaremos a tecnoloxía SportIdent. Consta dun dispositivo dixital tipo pinza ou tarxeta que o corredor leva consigo durante a carreira e que permite rexistrar o seu paso polas balizas. Para este fin, en cada baliza, haberá un dispositivo (base) no que o orientador debe pousar/introducir a súa tarxeta/pinza ata que escoite un pitido e vexa que se acende un led vermello na estación, momento no que se realiza a gravación do seu paso por ese punto. Unha vez chegados a meta, deberá "descargarse" o dispositivo, na mesa da organización, onde se poderá obter a folia de tempos de cada corredor. **Tódolos participantes están obrigados a descargala súa tarxeta electrónica (aínda que abandonen a proba) para que a organización poida controlar se queda algún participante no terreo.** Os corredores que non dispoñan de pinza/tarxeta poderán alugar unha sen custe. En caso de perder a tarxeta, deberán aboar o importe da mesma (12 €).
- **Clasificación:** establecerase por categorías, en función do tempo empregado por cada participante para completar o seu percorrido. O gañador, en cada unha das categorías, será aquel que realice o percorrido

## Boletín 1 Proba nº 4: Montes de Nebra

---

correctamente empregando o menor tempo en chegar á meta, ordenándose o resto dos participantes polo mesmo criterio.

- Os participantes ós que lles falte algún control do seu percorrido terán un "ERRO EN TARXETA".
- Os participantes que visiten menos da metade dos controis aparecerán cun "ABANDONA".

### CARTOGRAFÍA:

- Mapa Monte Nebra (Porto do Son): Rexistro FEDO C-1686-15.
  - Autor: Ramón Fernández (2015).
  - Cambio á normativa ISSOM 2017-2: Antonio Piñeiro (2022).
  - Revisión: Antonio Piñeiro (2023).
- Características:
  - Escala: 1:7500
  - Equidistancia: 5 m

### PROGRAMA:

- 10.00: Apertura da Secretaría.
- 10.30: Saída dos primeiros participantes.
- 13.30: Peche de meta e recollida de balizas (todos os participantes deberán estar de volta na Meta).

### CATEGORÍAS:

De acordo co REGULAMENTO da Liga, establécense 3 percorridos, sen distinción de sexos:

- Iniciación curta: INI CURTA
- Iniciación longa: INI LONGA
- Adestramento: ADESTRAMENTO

### SAÍDA:

O lugar de concentración e saída será o Local da Comunidade de Montes de Nebra (**ver ubicación**).

Establecerase un horario de saída, de forma que cada participante sairá a unha hora predeterminada. Estes horarios serán publicados na web e na páxina de Facebook oficiais do club.

As saídas nas probas de orientación a pé son individuais (tipo contra reloxo), e dicir, a cada participante contrólase o tempo invertido na proba segundo a súa hora de saída e a hora de chegada a meta. A hora de saída asignada a cada participante será válida, aínda que o participante a tome con retraso.

Na zona de saída, haberá dispostas dúas bases SportIdent, que o participante debe utilizar para "LIMPAR" e "COMPROBAR" a súa tarxeta ou pinza SI. LIMPAR serve para eliminar os datos que conteña a pinza/tarxeta de outras probas e COMPROBAR utilízase para asegurarse de que o dispositivo funciona correctamente. É responsabilidade do corredor facer esta limpeza e comprobación ao comezo de cada proba.

A saída é "con chamada", e realízase segundo o listado das hora de saída dos participantes, os cales deben estar na zona de saída, como mínimo, 3 minutos antes da súa hora asignada.

## Boletín 1 Proba nº 4: Montes de Nebra

---

Unha vez que se dea a saída, cada participante collerá o mapa correspondente ó seu percorrido (será responsabilidade de cada participante asegurarse de que o mapa corresponde ó seu percorrido), e seguirán as cintas de balizamento ata chegar á baliza de saída (triángulo no mapa), onde orientarán correctamente o mapa e seguirán co seu percorrido, visitando os puntos de control na orde indicada no mapa (modalidade lineal), e rexistrando cada un dos controis ou balizas na súa pinza/tarxeta, colocando a mesma, sen movela, sobre a estación SI, asegurándose de escoitar o sinal acústico e/ou ver o destello do led antes de retirala.

É obrigatorio picar as balizas na orde indicada no mapa (modalidade lineal) polo que calquera picada que non cumpra este requisito será causa de descualificación.

### INSCRICIÓN:

Faranse a través da web do club, por medio do formulario (colgado na cabeceira deste boletín) deseñado para tal fin. Pinchando no enlace, accederás a un formulario que hai que completar e enviar. Para os non Federad@s, a inscrición inclúe un seguro deportivo para o participante o día da proba.

Os prezos das inscricións para cada unha das probas son os seguintes:

- **Socios do club ADC ARNELA:**
  - Federad@s: gratis.
  - Non Federad@s con licencia de proba (menores de 16 anos): 2,00 €.
  - Non Federad@s con licencia de proba (maiores de 16 anos): 3,00 €.
- **Resto de participantes:**
  - Federad@s: 3,00 €.
  - Non Federad@s con licencia de proba (menores de 16 anos): 3,00 €.
  - Non Federad@s con licencia de proba (maiores de 16 anos): 4,00 €.
- **Recargo por inscrición fóra de prazo (só federad@s): 1 €.**
- **Aluguer de tarxeta PCard Sportident:**
  - Gratis para tod@s os participantes.
  - Perda da Tarxeta PCard: 12€.

**O prazo de inscrición remata o MARTES 6 de xuño ás 23:00.**

Os métodos de pago establecidos son dous:

- **Opción 1.- INGRESO EN CONTA ou TRANSFERENCIA:**
  - Entidade: OPENBANK
  - Número de conta (IBAN): ES08 0073 0100 5905 0538 8597
  - Titular: Asociación Deportiva e Cultural ARNELA
  - Concepto: Proba NEBRA + Nome do participante inscrito (pódese facer o pago conxunto de varios participantes).
  - Por último, remite ó noso correo electrónico ([adcarnela@gmail.com](mailto:adcarnela@gmail.com)) a copia do xustificante bancario, indicando o nome dos inscritos os que corresponde o pago.
- **Opción 2.- SOLICITAR O PAGO EN MAN dun destes xeitos:**
  - A través do correo electrónico ([adcarnela@gmail.com](mailto:adcarnela@gmail.com)).

## Boletín 1 Proba nº 4: Montes de Nebra

---

- Chamar ou enviar un whatsapp ó seguinte telefono 659 34 50 36.
- Indicalo na casíña de “Observacións” do formulario de inscrición da proba.
- **IMPORTANTE:** O feito de inscribirse xera unha serie de gastos (licencia de proba e/ou impresión de mapas). Se finalmente non ides a participar, agradeceríamos que avisarades antes do peche das inscricións para poder anulalas a tempo e devolverlle os cartos a quen xa os ingresase.

### OBSERVACIÓNS, NORMAS e RECOMENDACIÓNS:

1. **Recomendable levar roupa e calzado para cambiarvos.**
2. **As probas de orientación realízanse en silencio**, non se pode falar, salvo en casos excepcionais. Está totalmente prohibido gritar e berrar.
3. **É obrigatorio realizalo percorrido na orde indicada no mapa**, e hai que completalo enteiro (pasar por tódolos puntos de control) para que a proba sexa válida, senón, prodúcese “erro en tarxeta”.
4. **É obrigatorio pasar por meta e descargala pinza/tarxeta SportIdent aínda que se produza o abandono**, para que este feito lle conste á Organización.
5. Para a realización do percorrido, **o participante só pode contar coa axuda dun compás, ademais do mapa** aportado pola Organización.
6. **É moi importante ofrecer axuda a calquera participante que se atope en problemas ou mancado.**
7. **Permítese levar o teléfono móbil** na carreira para que os participantes se atopen máis seguros. So se permitirá o seu uso en causas debidamente xustificadas.
8. **Calquera novidade ou cambio será incluído nun posterior boletín informativo e debidamente informado na nosa web e RR.SS.**